



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIVEIRA O DÍA 25 DE ABRIL DO 2019.**

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D. Antonio Javier Jesús Freire Brión D. Anxo Orellan Fernández D^a Elvira Pereira Ageitos D^a María Esther Patiño Rey D. Víctor Reiriz Lampón D. David Fernández Fernández	Interventor.: D. Pablo Bao Castro Secretario Xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: -----
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e corenta minutos do día vinte e cinco de abril do dous mil dezanove, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Non se presenta ningún acta para a súa aprobación

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 23/04/2019, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido, e que responde ao seguinte resumo:





Número de relación	2019 – 000018
Importe total	212.018,11 €
Número de facturas	88
1ª factura.	
Emisor (Cif)	14782354R
Importe	83,70 €
Última factura	
Emisor (Cif)	Q6550023C
Importe	4.346,28 €

B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta		1	Data	22/04/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Enxeñeira Municipal - Obras Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Traballos de mantemento e reposición de elementos obsoletos na caldeira da calefacción da Casa Consistorial		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	REY LARANGA, S.L.	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (24/04/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		REY LARANGA, S.L.		
NIF/CIF:	B15543937			
Importe (IVE Incluído):	209,85 €			
Observacións:		A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministros e servizos.		

Nº Proposta		2	Data	22/04/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Enxeñeira Municipal - Obras Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Traballos de mantemento e reposición de elementos obsoletos na caldeira da calefacción do Conservatorio Municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	REY LARANGA, S.L.	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (24/04/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	REY LARANGA, S.L.			
NIF/CIF:	B15543937			
Importe (IVE Incluído):	1.501,17 €			
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do			





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

	contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministros e servizos.
--	--

Nº Proposta		3	Data	16/04/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO		Reposición da bomba de achique do soto da piscina municipal da Fieiteira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ISABEL LOZANO CANAL	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (24/04/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ISABEL LOZANO CANAL			
NIF/CIF:	32833101A			
Importe (IVE Incluído):	598,95 €			
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.			

Nº Proposta		4	Data	15/04/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 800 medallas recortadas e ompresas co escudo do concello de Riveira, con cinta personalizada, para entrega en probas deportivas 2019		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	JOSÉ ESTÉVEZ SANISIDRO	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (24/04/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	JOSÉ ESTÉVEZ SANISIDRO			
NIF/CIF:	14782354R			
Importe (IVE Incluído):	3.280,00 €			
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministros e servizos.			

Nº Proposta		5	Data	17/04/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO		Substitución de plantas en 20 macetas en farolas Avda. do malecón, aportación substrato vexetal e regado + mantemento de macetas os meses de maio, xuño, xullo e agosto de 2019		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	CLARO Y NETO, S.L.	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (24/04/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		CLARO Y NETO. S.L.		





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

NIF/CIF:	B70279823
Importe (IVE Incluído):	3.543,00 €
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.

Nº Proposta		6	Data	16/04/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Reposición de bebedeiros e outros materiais na cancela municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	FERRETERÍA BRIÓN, S.L.	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (24/04/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	FERRETERÍA BRIÓN, S.L.			
NIF/CIF:	B70474747			
Importe (IVE Incluído):	1.370,65 €			
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.			

Nº Proposta		7	Data	22/04/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO		Proposta para a mellora do espacio urbán. Actuacións de reurbanización para a xeneración dun eixo de prioridade peonil mar-monte entre os novos equipamentos públicos do auditorio e estación de autobuses		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	FUNDACIÓN REDE DE INNOVACIÓN AROUSA	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (24/04/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	FUNDACIÓN REDE DE INNOVACIÓN AROUSA			
NIF/CIF:	G70531116			
Importe (IVE Incluído):	5.000,00 €			
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.			

Nº Proposta	8	Data	17/04/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA	Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño		
DESCRICIÓN DO GASTO	Traballos de coordinación de seguridade e saúde durante a execución da obra de ampliación da Antiga escola Unitaria de Corrubedo		





Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MARÍA CARMEN LOUSAME LÓPEZ
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (24/04/2019)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	MARÍA CARMEN LOUSAME LÓPEZ		
NIF/CIF:	78784873Y		
Importe (IVE Incluído):	998,25 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta		9	Data	23/04/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Educación David Fernández Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO		Traballos de instalación de cheminea na cociña da Gardería Municipal		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- ISABEL LOZANO CANAL - FRINORSA, S.L.	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (24/04/2019) / Enxeñeira Municipal – Uxía Landeira Pereira (22/04/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ISABEL LOZANO CANAL			
NIF/CIF:	32833101A			
Importe (IVE Incluído):	4.593,16 €			
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.			

III.- CONTRATACIÓN.

1.- ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DA “SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS BIOSAUDABLES”.

Expediente: 2019/C_SU000005

Nos parques de Coroso e de Pedra Pateira existen elementos biosaudables moi deteriorados que non admiten unha nova reparación, xa que foron obxecto de múltiples arranxos nos últimos anos. Por isto é preciso adquirir uns novos para substituír ós actuais e que os veciños poidan utilízalos con normalidade.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 18/03/2019, redactou o orzamento para a subministración e instalación dos elementos deteriorados nos parques de Coroso e Pedra Pateira, por un prezo total de licitación de 16.982,17 euros (orzamento base: 14.034,85 euros; IVE 21%: 2.947,32 euros), (Valor estimado do contrato: 14.034,85 euros).





Consta no expediente:

- 1) Documento contable "RC" expedido polo interventor municipal Pablo Bao Castro na data 01/04/2019 (número de operación 2019 22005874), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 171.60901.
- 2) Certificado de data 24/04/2019, emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta *"que de acordo coa información que figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L., CIF B-70.329.321."*

Tendo en conta que por tratarse dun contrato de subministración cun valor estimado inferior a 15.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), o cal establece:

1. Consideraranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.

Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

3. No expediente xustificarase que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non subscribiu mais contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo. O órgano de contratación comprobará o cumprimento de dita regra. Quedan excluídos os supostos encadrados no artigo 168.a.2º.

4. Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Para a contratación da subministración realizáronse invitacións a tres empresas, a través da Plataforma de Contratación Electrónica do Concello de Riveira. Dentro da data límite de presentación de ofertas (25/03/2019 as 13:00 horas) rexistráronse na citada plataforma as plicas dos seguintes licitadores:

Licitador	DNI/CIF	Registro Plataforma de Contratación Electrónica do Concello		Prezo total (incluído IVE 21%)
		Data	Número	





Oziona Soluciones de entretenimiento, S.L.	B-70.329.321	20/03/2019	127	13.325,73 euros
Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L.	B-36.495.604	22/03/2019	129	13.533,74 euros
Mobipark, S.L.	B-96.092.150	25/03/2019	130	13.700,23 euros

Vista a proposta de contratación, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 01/04/2019, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.

Vistos os artigos 117, 118, e 131.3, da LCSP, así como o artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vistas as disposicións adicionais segunda e terceira da LCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Adxudicar o contrato menor para a **Subministración e instalación de elementos biosaudables** á empresa **“Oziona Soluciones de entretenimiento, S.L.”** (CIF: B-70.329.321), no prezo total do contrato de **13.325,73 euros** (Base: 11.013,00 euros; IVE 21%: 2.312,73 euros), segundo a súa oferta rexistrada na Plataforma de Contratación Electrónica do Concello de Riveira co número 127, na data 20/03/2019.

SEGUNDO.- Designar como responsable do contrato á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

TERCEIRO.- Esta adxudicación notificarase a todos os licitadores presentados.

CUARTO.- Comunicar ó Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

2.- ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE “PAVIMENTACIÓN DA RÚA SAGRES (AGUIÑO)”.

Expediente: 2018/C_ME000028

A Rúa Sagres, situada dentro do centro urbano da parroquia de Aguiño, presenta na actualidade un firme en mal estado, con abundantes baches e disgregacións do pavimento que supoñen un perigo para a circulación, xa que esta vía soporta tráfico rodado. Por isto é necesario proceder a pavimentación da estrada mediante a extensión dunha capa de aglomerado en quente para mellorar as condicións da seguridade viaria.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data decembro/2018, redactou a memoria valorada dos traballos a realizar, por un orzamento total de licitación de 12.531,93 euros (orzamento base: 10.356,97 euros; IVE 21%: 2.174,96 euros), cun prazo de execución das obras de 15 días (Valor estimado do contrato: 10.356,97 euros).

Consta no expediente:

- 1) Proposta de contratación na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 01/04/2019, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.





- 2) Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño en data 27/12/2018 no que manifesta que a natureza das obras axústase as legalmente permitidas tanto polo planeamento municipal vixente, como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural, non precisando autorización sectorial algunha.
- 3) Informe de supervisión de proxecto ao que se refire o artigo 235 da LCSP asinado pola enxeñeira municipal en data 26/12/2018, no que se indica que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o presuposto base de licitación da obra é inferior a 500.000,00 euros, IVA excluído, e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 4) Documento contable “RC” expedido polo interventor municipal Pablo Bao Castro na data 01/04/2019 (número de operación 2019 22005885), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453.60991.
- 5) Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 236 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 26/12/2018, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 6) Certificado de data 24/04/2019, emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta “*que de acordo coa información que figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de Nemesio Ordóñez, S.A. CIF A-15.146.608.*”

Tendo en conta que por tratarse dun contrato de obras cun valor estimado inferior a 40.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), o cal establece:

1. Consideraranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.

Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

3. No expediente xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non subscribiu mais contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo. O órgano de contratación comprobará o cumprimento de dita regra. Quedan excluídos os supostos encadrados no artigo 168.a.2º.

4. Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Lexislativo





2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Para a contratación das obras realizáronse invitacións a tres empresas, a través da Plataforma de Contratación Electrónica do Concello de Riveira. Dentro da data límite de presentación de ofertas (05/04/2019 as 13:00 horas) rexistráronse na citada plataforma as plicas dos seguintes licitadores:

Licitador	DNI/CIF	Rexistro Plataforma de Contratación Electrónica do Concello		Prezo total (incluído IVE 21%)
		Data	Número	
Construcciones López Cao, S.L.	B-15.072.713	03/04/2019	131	12.531,93 euros
Nemesio Ordóñez, S.A.	A-15.146.608	04/04/2019	133	9.679,35 euros
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	B-36.533.537	05/04/2019	136	12.109,39 euros

Vista a proposta de contratación, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 13/04/2019.

Vistos os artigos 117, 118, 131.3, e 231 da LCSP, así como o artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vistas as disposicións adicionais segunda e terceira da LCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Adxudicar o contrato menor para a realización das obras de **Pavimentación da Rúa Sagres (Aguíño)** á empresa **“Nemesio Ordóñez, S.A.”** (CIF: A-15.146.608), no prezo total do contrato de **9.679,35 euros** (Base: 7.999,46 euros; IVE 21%: 1.679,89 euros), segundo a súa oferta rexistrada na Plataforma de Contratación Electrónica do Concello de Riveira co número 133 na data 04/04/2019.

SEGUNDO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

TERCEIRO.- Esta adxudicación notificarase a todos os licitadores presentados.

CUARTO.- Comunicar ó Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

3.- ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE “AGLOMERADO DO CAMIÑO DE ACCESO Á FIEITEIRA DESDE CASTIÑEIRAS”.

Expediente: 2018/C_ME000027





O camiño de acceso ó complexo polideportivo de A Fieiteira desde Castiñeiras presenta na actualidade un firme en mal estado, con abundantes baches e disgregacións do pavimento que supoñen un perigo para a circulación, xa que esta vía soporta abundante tráfico rodado. Por isto é necesario proceder a pavimentación desta vía mediante a extensión dunha nova capa de aglomerado para mellorar as condicións de seguridade viaria na zona.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data decembro/2018, redactou a memoria valorada dos traballos a realizar, por un orzamento total de licitación de 47.750,15 euros (orzamento base: 39.462,93 euros; IVE 21%: 8.287,22 euros), cun prazo de execución das obras de 1,5 meses. (Valor estimado do contrato: 39.462,93 euros).

Consta no expediente:

- 1) Proposta de contratación na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 01/04/2019, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 2) Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño en data 27/12/2018 no que manifesta que a natureza das obras axústase as legalmente permitidas tanto polo planeamento municipal vixente, como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural, non precisando autorización sectorial algunha.
- 3) Informe de supervisión de proxecto ao que se refire o artigo 235 da LCSP asinado pola enxeñeira municipal en data 26/12/2018, no que se indica que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o presuposto base de licitación da obra é inferior a 500.000,00 euros, IVA excluído, e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 4) Documento contable "RC" expedido polo interventor municipal Pablo Bao Castro na data 01/04/2019 (número de operación 2019 22005887), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453.60992.
- 5) Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 236 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 26/12/2018, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 6) Certificado de data 24/04/2019, emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta *"que de acordo coa información que figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de Nemesio Ordóñez, S.A. CIF A-15.146.608."*

Tendo en conta que por tratarse dun contrato de obras cun valor estimado inferior a 40.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), o cal establece:

1. Consideraranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.





Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

3. No expediente xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non subscribiu mais contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo. O órgano de contratación comprobará o cumprimento de dita regra. Quedan excluídos os supostos encadrados no artigo 168.a.2º.

4. Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Para a contratación das obras realizáronse invitacións a tres empresas, a través da Plataforma de Contratación Electrónica do Concello de Riveira. Dentro da data límite de presentación de ofertas (05/04/2019 as 13:00 horas) rexistráronse na citada plataforma as plicas dos seguintes licitadores:

Licitador	DNI/CIF	Registro Plataforma de Contratación Electrónica do Concello		Prezo total (incluído IVE 21%)
		Data	Número	
Nemesio Ordóñez, S.A.	A-15.146.608	04/04/2019	132	42.811,68 euros
Francisco Gómez y Cía, S.L.	B-15.009.533	05/04/2019	134	44.944,00 euros
Canarga, S.L.	B-15.360.902	05/04/2019	135	45.887,00 euros

Vista a proposta de contratación, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 13/04/2019.

Vistos os artigos 117, 118, 131.3, e 231 da LCSP, así como o artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vistas as disposicións adicionais segunda e terceira da LCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Adxudicar o contrato menor para a realización das obras de **Aglomerado do camiño de acceso á Fieiteira desde Castiñeiras** á empresa **"Nemesio Ordóñez, S.A."** (CIF: A-15.146.608), no prezo total do contrato de **42.811,68 euros** (Base:





35.381,55 euros; IVE 21%: 7.430,13 euros), segundo a súa oferta rexistrada na Plataforma de Contratación Electrónica do Concello de Riveira co número 132, na data 04/04/2019.

SEGUNDO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

TERCEIRO.- Esta adxudicación notificarase a todos os licitadores presentados.

CUARTO.- Comunicar ó Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

4.- ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE “SANEAMENTO EN A PONTE (ARTES)”.

Expediente: 2018/C_ME000013

Actualmente no lugar de A Ponte, na parroquia de Artes, non existe rede de saneamento. Para proporcionar este servizo aos veciños instalárase un colector de 45 m de lonxitude que, por gravidade, conducirá as augas fecais ata un pozo de bombeo desde o cal serán impulsadas á rede de saneamento existente.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data abril/2018, redactou a memoria valorada dos traballos a realizar, por un orzamento total de licitación de 39.995,67 euros (orzamento base: 33.054,27 euros; IVE 21%: 6.941,40 euros), cun prazo de execución das obras de 4 meses. (Valor estimado do contrato: 33.054,27 euros).

Consta no expediente:

- 1) Proposta de contratación na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 22/10/2018, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 2) Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño en data 22/10/2018 no que manifesta que a natureza das obras axústase as legalmente permitidas tanto polo planeamento municipal vixente, como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural, sendo preceptiva a autorización da Deputación Provincial de A Coruña.
- 3) Informe de supervisión de proxecto ao que se refire o artigo 235 da LCSP asinado pola enxeñeira municipal en data 22/10/2018, no que se indica que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o presuposto base de licitación da obra é inferior a 500.000,00 euros, IVA excluído, e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 4) Resolución nº 43492/2018 de data 11/12/2018, da Deputación Provincial de A Coruña, pola que se aproba a concesión de autorización de obra para a Instalación de rede de saneamento no lugar de A Ponte.
- 5) Documento contable “RC” expedido polo interventor municipal Pablo Bao Castro na data 15/04/2019 (número de operación 2019 22007397), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 160.60912.
- 6) Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 236 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, asinada en sentido favorable pola





enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 07/01/2019, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.

- 7) Certificado de data 08/02/2019, emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta *“que de acordo coa información que figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de Excavaciones Nima, S.L.. CIF B-15.405.335.”*

Tendo en conta que por tratarse dun contrato de obras cun valor estimado inferior a 40.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), o cal establece:

1. Consideraranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.

Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

3. No expediente xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non subscribiu mais contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo. O órgano de contratación comprobará o cumprimento de dita regra. Quedan excluídos os supostos encadrados no artigo 168.a.2º.

4. Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Para a contratación das obras realizáronse invitacións a cinco empresas, a través da Plataforma de Contratación Electrónica do Concello de Riveira. Dentro da data límite de presentación de ofertas (18/02/2019 as 13:00 horas) rexistráronse na citada plataforma as plicas dos seguintes licitadores:

Licitador	DNI/CIF	Registro Plataforma de Contratación Electrónica do Concello		Prezo total (incluído IVE 21%)
		Data	Número	





Excavaciones Nima, S.L.	B-15.405.335	15/02/2019	102	31.062,05 euros
Alberto Pérez Sampedro	52.934.180-W	15/02/2019	104	32.058,36 euros
Espacios Arquitectónicos DMLAR, S.L.	B-70.141.304	18/02/2019	105	34.451,84 euros
Construcciones Jenaro Cadaval, S.L.	B-15.879.794	18/02/2019	106	32.670,00 euros

Non consta no rexistro da Plataforma de Contratación Electrónica do Concello de Riveira, que a empresa invitada, Excavaciones Darío, S.L. (CIF: B-15.544.232) presentase oferta algunha.

Vista a proposta de contratación, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 15/04/2019.

Vistos os artigos 117, 118, 131.3, e 231 da LCSP, así como o artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vistas as disposicións adicionais segunda e terceira da LCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Adxudicar o contrato menor para a realización das obras de **Saneamento en A Ponte (Artes)** á empresa **"Excavaciones Nima, S.L."** (CIF: B-15.405.335), no prezo total do contrato de **31.062,05 euros**, IVE incluído, segundo a súa oferta rexistrada na Plataforma de Contratación Electrónica do Concello de Riveira co número 102, na data 15/02/2019.

SEGUNDO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

TERCEIRO.- Esta adxudicación notificarase a todos os licitadores presentados.

CUARTO.- Comunicar ó Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

5.- ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE BEIRARRÚAS E PLUVIAIS NA CAPELA (CARREIRA).

Expediente:2018/C_ME000014

Visto o expediente que se tramita para contratar, como contrato menor, as obras de **"Beirarrúas e pluviais na Capela (Carreira)"**, cun prezo total de licitación de 39.914,54 euros (Base: 32.987,22 euros; IVE 21%: 6.927,32 euros), cun prazo de execución das obras de 1,5 meses.

A memoria valorada redactada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data abril/2018, o expediente de contratación (como contrato menor), e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61932, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 27/12/2018.





Para a contratación das obras realizáronse invitacións a catro empresas, a través da Plataforma de Contratación Electrónica do Concello de Riveira. Dentro da data límite de presentación de ofertas (18/02/2019 as 13:00 horas) rexistráronse na citada plataforma as plicas dos seguintes licitadores:

Licitador	DNI/CIF	Registro Plataforma de Contratación Electrónica do Concello		Prezo total (incluído IVE 21%)
		Data	Número	
Alberto Pérez Sampedro	52.934.180-W	15/02/2019	103	31.811,98 euros
Espacios arquitectónicos DMLAR, S.L.	B-70.141.304	18/02/2019	107	34.443,22 euros
Construcciones Jenaro Cadaval, S.L.	B-15.879.794	18/02/2019	108	38.720,00 euros

Non consta no rexistro da Plataforma de Contratación Electrónica do Concello de Riveira, que a empresa invitada, Excavaciones Darío, S.L. (CIF: B-15.544.232) presentase oferta algunha.

Consta no expediente:

- 1) Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 236 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 11/01/2019, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 2) Certificado de data 14/02/2019, emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta *“que de acordo coa información que figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de Alberto Pérez Sampedro. DNI 52934180-W”*.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato de obras cun valor estimado inferior a 40.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), o cal establece:

1. Consideraranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.

Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.





3. No expediente xustificárase que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non subscribiu mais contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo. O órgano de contratación comprobará o cumprimento de dita regra. Quedan excluídos os supostos encadrados no artigo 168.a.2º.

4. Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Vista a proposta de contratación, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 14/04/2019.

Vistos os artigos 117, 118, 131.3, e 231 da LCSP, así como o artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vistas as disposicións adicionais segunda e terceira da LCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Adxudicar o contrato menor para a realización das obras de **Beirarrúas e pluviais na Capela (Carreira)** á **Alberto Pérez Sampedro** (DNI: 52.934.180-W), no prezo total do contrato de **31.811,98 euros**, IVE incluído, segundo a súa oferta rexistrada na Plataforma de Contratación Electrónica do Concello de Riveira co número 103, na data 15/02/2019.

SEGUNDO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

TERCEIRO.- Esta adxudicación notificarase a todos os licitadores presentados.

CUARTO.- Comunicar ó Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

6.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “MELLORAS DE SEGURIDADE VIARIA (AVENIDA DO FERROL. RIVEIRA)”.

Expediente :2018-C_OB000017

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado **“MELLORAS DE SEGURIDADE VIARIA (AVENIDA DO FERROL-RIVEIRA)”**, cun orzamento total





de licitación de 55.500,00 euros (orçamento base: 45.867,77 euros; IVE 21%: 9.632,23 euros), e cun prazo de execución de 2 meses. (Valor estimado do contrato: 50.454,55 euros).

Para o financiamento destas obras asinouse na data 25/10/2017 un convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Riveira.

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data setembro/2016, aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión da data 29/07/2017, e foi emendado dos erros observados no proxecto orixinal (aprobándose coas ditas correccións por decreto da alcaldía de data 15/09/2017).

O expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adjudicación (prezo mais baixo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61969, aprobáronse por decreto da alcaldía na data 19/10/2018.

A licitación anunciouse na Plataforma de Contratación do Sector Público, na data 05/02/2019.

A documentación presentada por Francisco Gómez y Cía, S.L. non se considera suficiente para xustificar a súa oferta.”

A empresa Arines Obras y Proyectos, S.L. non presentou documentación para xustificar a súa oferta.

E segundo o exposto propón “aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Nemesio Ordóñez, S.A. e excluír ás empresas Francisco Gómez y Cía, S.L. e Arines Obras y Proyectos, S.L. do proceso de licitación.”

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 24/04/2019.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 22/04/2019 e considerando a documentación aportada polas empresas ás que se lle requiriu que xustificasen as súas ofertas económicas:

- a) Considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa “Nemesio Ordóñez, S.A.”
- b) **EXCLUÍR da licitación á empresa “Francisco Gómez y Cía, S.L.”** por non considerar suficiente a documentación presentada para xustificar a súa oferta económica.
- c) **EXCLUÍR da licitación a empresa “Arines Obras y Proyectos, S.L.”**, por non presentar documentación para xustificar a súa oferta.

SEGUNDO.- De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de “Pavimentación en Insuela e na Rúa Rioazor (Palmeira)”, do seguinte xeito:**

ORDE	LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
1	Nemesio Ordóñez, S.A.	65.989,43 €
2	Canarga, S.L.	70.743,80 €
3	Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	72.035,31 €
4	Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	72.574,74 €
5	Construcciones J. Mauri e hijos, S.L.	73.104,51 €
6	Nexia Infraestructuras, S.L.U.	73.133,67 €
7	Asfalgal Técnicas Viarias, S.L.	79.383,67 €
8	Vías e Servizos Compostela, S.L	80.015,47 €





9	Barnacle Obras y Servicios, S.L.	81.233,12 €
10	Hordescón, S.L.	82.659,32 €
11	Aquablue Sistemas Constructivos, S.L.	90.117,46 €
12	Tarrío y Suarez, S.L.	95.256,51 €
13	Construcciones Anspal, S.L.	97.200,00 €
14	Construcciones D. Ogando, S.L.	97.200,52 €

TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **requirir á empresa “Nemesio Ordóñez, S.A.”**, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, **presente a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.**

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

SOLICITUDE DE ESPAZO NO VIVEIRO DE EMPRESAS PARA ESTUDO E PREPARACIÓN DE PROXECTO

EMPREENDEDORES: Miguel Angel Vazquez Salgueiro, con DNI 53.795.225L,
Héctor Cores Portela, con DNI 53.487.781Q e Maruxa Figueiras Rego, con DNI 53.484.036C,

EMPRESA: PLAY DOG (NON INICIADA A ACTIVIDADE)

D. Héctor Cores Portela, con DNI 53.487.781Q presentou unha solicitude no rexistro do Concello de Riveira na data 20/03/2019, núm. rexistro entrada 3.804, para un espazo no Viveiro de Empresas, para o proxecto empresarial “Play Dog”, do que forma parte xunto con dúas persoas máis, Miguel Angel Vazquez Salgueiro, con DNI 53.795.225L e Maruxa Figueiras Rego, con DNI 53.484.036C,





A súa solicitude foi remitida á Cámara de Comercio de Santiago para a súa posterior valoración e informe de viabilidade.

Unha vez analizada a situación na que se encontra o seu proxecto e vendo que aínda está en fase de estudo, D. Miguel Angel Vazquez Salgueiro presentou unha solicitude no rexistro do Concello de Riveira, na data 17/04/2019, núm. rexistro entrada 5.526, na que solicita modificar a solicitude inicial de espazo no Viveiro de empresas, solicitando agora un espazo para poder estudar e preparar o seu proxecto empresarial "Play Dog".

Vista o artigo 3º da Ordenanza reguladora do Viveiro de Empresas no que se recolle que son beneficiarios do Viveiro os emprendedores que necesiten un espazo adecuado para estudar e preparar o seu proxecto por un período máximo de 3 meses.

Vista a proposta da Técnico de Desenvolvemento Local, María Paz Vidal, de data 22/04/2019.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a cesión dun espazo no Viveiro de Empresas de Riveira aos emprendedores Miguel Angel Vazquez Salgueiro, con DNI 53.795.225L, Héctor Cores Portela, con DNI 53.487.781Q e Maruxa Figueiras Rego, con DNI 53.484.036C, para estudar e preparar o seu proxecto empresarial "Play Dog", para o cal poderá contar co asesoramento da Cámara de Comercio de Santiago. Esta cesión de espazo estará condicionado a que no período máximo de 3 meses este concello reciba informe favorable da Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, previa presentación polos emprendedores da súa memoria de viabilidade empresarial mellorada. De non facelo así ou se o informe non é positivo darase por resolto o contrato entre os emprendedores e o Concello de Riveira.

De ser o informe de viabilidade favorable, prorrogarase o contrato se os emprendedores constitúen a súa empresa como tal, nos prazos indicados na Ordenanza reguladora do Viveiro de Empresas.

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Ángel Lijó Romero**, de data 10/04/2019 (Rexistro de entrada nº 5.082), no que solicita licenza de obras para substitución de cuberta en vivenda unifamiliar sita no lugar de Cruceiro nº 11, Oleiros, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A031005240000KY.





A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 11 de abril de 2019, e visto informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 15/04/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. Ángel Lijó Romero **LICENZA DE OBRAS (Nº 17/19)** para **SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE** sita no lugar de Cruceiro nº 11, Oleiros, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A031005240000KY, nos termos do Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación o día 2 de abril de 2019, redactado polo Sr. Carlos Uzal Cabanas, (arquitecto técnico).

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*





- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados





como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- Visto o escrito presentado **Sara Sevilla Iglesias e Belén Argibay Pérez**, de data 10/04/2019 (Rexistro de entrada nº 3.880), no que solicita a devolución de I.C.I.O., presentando desistimento expreso da solicitude de licenza de obras para acondicionamento de baixo para local de perruquería en Rúa marcial de Adalid-Rúa Correos (Riveira).

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico do Delineante Municipal, Jaime García Leyra, de data 15/04/2019, e ao informe de devolución de ingresos do Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 16/04/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- ACEPTAR O DESISTIMENTO EXPRESO PRESENTADO, DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMENTO E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.





Segundo.- Que se proceda á devolución dos tributos asociados á solicitude de licenza de obra (Expediente de obras nº 2019/COMU000081), formulada por **Sara Sevilla Iglesias**, coa seguinte contía: **441,25 €**.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Raisa Muñiz Fernández**, de data 25/03/2019 (Rexistro de entrada nº 4.084), no que solicita certificación urbanística de as fincas con referencias catastrais nº 15074A821004160000ZO, 15074A821004120000ZM, 15074A821004160000ZD, 15074A821003960000ZU, non lindan coa Comunidade de Montes, e se determine a súa clasificación.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 17/04/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

As parcelas con números catastrais 15074A821004160000ZO - 15074A821004120000ZM - 15074A821004160000ZD - 15074A821003960000ZU están clasificadas como solo rústico polo PXOM. Asímesmo se informa que ningunda das citadas parcelas linda coa Comunidade de Montes.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

1.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PARA VIVENDA UNIFAMILIAR E DEVOLUCIÓN DE FIANZA - M^a TERESA SAIÑAS CADABAL.

LICENZA DE OBRA Nº 192/05: Concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 7 de abril de 2005, modificada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 3 de decembro de 2015.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Construcción de vivenda unifamiliar de planta soto e planta baixa.

IMPORTE DA FIANZA DEPOSITADA: 1.378,08 €.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Illada.

REF^a CATASTRAL: 15074A821002970000ZM.

SITUACIÓN: Lugar de Listres, Mouráns, Aguiño, Riveira.

PROMOTOR/A: M^a Teresa Saiñas Cadabal (D.N.I. 52.459.146-X) e Alberto Castro Gude.

AUTOR/A PROXECTO ORIXINAL: Sr. Francisco Calvo Pérez.

PROXECTO: Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 16 de marzo de 2004.

AUTOR/A NOVA DOCUMENTACIÓN: Sr. Juan Antonio Millán Figueirido, (arquitecto col. 3.183).

MODIFICADO DE PROXECTO: Modificado de Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 28 de setembro de 2015.





DOCUMENTACIÓN FIN DE OBRA: Certificación Final de Obra con diligencia favorable do polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados polo Sr. Juan Antonio Millán Figueirido (arquitecto col. 3.183) e polo Sr. Andrés Fernández Fuentes (arquitecto técnico col. 1.641) / Acta de Recepción de Edificio Terminado / Xustificante do Catastro de Alta no IBI Modelo 902-N / Certificado de idoneidade da adecuada execución da acometida ás redes emitido pola empresa sumistradora do servizo (UNIÓN FENOSA) na data 23 de outubro de 2018 / Certificado emitido en relación a instalación eléctrica asinado polo Sr. José Ramón Gago Pérez na data 8 de marzo de 2018 / Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA) asinado por Juan Antonio Samartín Iglesias Xefe de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 30 de maio de 2018.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Pola Sra. M^a Teresa Saíñas Cadabal (D.N.I. 52.459.146-X), solicítase en escrito rexistrado de entrada na data 3 de novembro de 2004, (Rexistro de entrada nº 21.211), licenza de obra para construción de vivenda unifamiliar de planta soto e planta baixa no lugar de Listres, Mouráns, Aguiño, Riveira, achegándose Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 16. de marzo de 2004 redactado por Francisco Calvo Pérez.

SEGUNDO.- Xunta de Goberno Local en sesión de data 7 de abril de 2005, por unanimidade acorda conceder a licenza municipal nº 192/05 a M^a Teresa Saíñas Cadabal **LICENZA DE OBRAS Nº 192/05** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA SOTO E PLANTA BAIXA** no lugar de Listres, Mouráns, Aguiño, Riveira, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 16 de marzo de 2004 redactados polo arquitecto Francisco Calvo Pérez.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 15.3.07, por unanimidade acorda conceder unha prórroga de 6 meses da **LICENZA DE OBRAS Nº 192/05** a M^a Teresa Saíñas Cadabal concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 7 de abril de 2005.

CUARTO.- Posteriormente en escrito rexistrado de entrada na 13 de novembro de 2015, (Rexistro de entrada nº 11.791), por M^a Teresa Saíñas Cadabal e Alberto Castro Gude solicítase a modificación da licenza municipal de obra nº 192/05, achegándose Modificado de Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 28 de setembro de 2015 redactado por Juan Antonio Millán Figueirido.

QUINTO.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 3 de decembro de 2015 acordou por unanimidade **CONCEDER A MODIFICACIÓN DA LICENZA DE OBRAS Nº 192/05** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA SOTO, PLANTA BAIXA E BAIXOCUBERTA** en parcela con ref^a catastral nº 15074A821002970000ZS no lugar de Listres, Mouráns, Aguiño, Riveira, , nos termos do Modificado de Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 28.9.15 redactado por Juan Antonio Millán Figueirido.

SEXTO.- Posteriormente pola Sra. M^a Teresa Saíñas Cadabal en escritos rexistrados de entrada nas datas 19 de marzo, 30 de maio e 26 de outubro de 2018, (Rexistro de entrada nº 3.800, 7.961, 15.481), solicítase licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar de planta soto e planta baixa construída ao amparo da licenza nº 192/05, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 7 de abril de 2005,





modificada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 3 de decembro de 2015, sita no lugar de Listres, Mouráns, Aguiño, Riveira, achegándose **Certificación Final de Obra con dilixencia favorable do polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación**, asinados polo Sr. Juan Antonio Millán Figueirido (arquitecto col. 3.183) e polo Sr. Andrés Fernández Fuentes (arquitecto técnico col. 1.641), **Acta de Recepción de Edificio Terminado, Xustificante do Catastro de Alta no IBI Modelo 902-N, Certificado de idoneidade da adecuada execución da acometida ás redes emitido pola empresa sumistradora do servizo (UNIÓN FENOSA) na data 23 de outubro de 2018, Certificado emitido en relación a instalación eléctrica asinado polo Sr. José Ramón Gago Pérez na data 8 de marzo de 2018 así como Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA) asinado por Juan Antonio Samartín Iglesias Xefe de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 30 de maio de 2018.**

SÉTIMO.- No caso que nos ocupa o Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos tras xirar a pertinente visita de comprobación emite informe técnico favorable en relación a licenza de primeira ocupación na data 29 de outubro de 2018 facendo constar que o construído cumpre as condicións de habitabilidade, seguridade e salubridade, axustándose á licenza de edificación concedida anteriormente.

OITAVO.- A enxeñeira municipal Sra. Uxía Landeira Pereira emite informe técnico favorable o día 17 de abril de 2019 en relación a solicitude de devolución do aval xa que sinala que as obras de urbanización especificadas na licenza de obra nº 192/05 executáronse correctamente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.3-A RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA.**

SEGUNDO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

TERCEIRO.- A licenza de primeira ocupación ten como obxecto principal comprobar si o realizado se axusta á licenza de edificación concedida anteriormente.





O artigo 143.4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, esixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

CUARTO.- Artigos 349 a 358 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro.

Así o artigo 355.3 do Regulamento establece que as solicitudes de licenza de primeira ocupación ou utilización que se refiran a edificacións amparadas en licenza de obras que requirisen proxecto técnico, deberán ir acompañadas dun certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o exixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente.

Xuntarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, se é o caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da axeitada execución das acometidas das redes de subministración.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais nos termos previstos no artigo 358.2 deste regulamento.

QUINTO.- A licenza de primeira ocupación regúlase nos artigos 42, 43, 44 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia establecen o seguinte:

Artigo 42. A licenza de primeira ocupación

1. Unha vez concluídas as obras de construción dos edificios ou vivendas, o promotor solicitará a licenza de primeira ocupación no concello no que radique o inmovible, e acompañará a súa solicitude a certificación final de obra e demais documentación que, no seu caso, exixa o concello competente.

2. Sin perxucio do que establezca a regulamentación urbanística, poderán otorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, cando a parte da obra obxeto da licenza cumpla os seguintes requisitos:

– Que teña consideración de obra completa e cumpla todas as esixencias e toda a normativa técnica aplicable.

– Que sexa susceptible de utilización independente.

– Que, no seu caso, a urbanización interior e exterior da parcela directamente vinculada á edificación para a que se solicita a licenza se encontre totalmente finalizada e se garantice o cumprimento das obrigas urbanísticas da parcela que serviu de base para a obtención da licenza de obra.

3. A Administración, previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, deberá resolver a solicitude e notificárla á persoa interesada no prazo máximo de dous meses, a contar dende a data na que a solicitude tivo entrada no rexistro xeral do concello.

Artigo 43. Servizos

1. A licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión do abastecemento de auga potable, saneamento, electricidade, gas, telecomunicacións e outros servizos comunitarios.

2. A Administración municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordenar o corte do suministro contratado sin a existencia previa da licenza de primeira ocupación.





Artigo 44. Declaración de obra nova

As notarias e os notarios e as rexistradoras e os rexistradores da propiedade exixirán, para autorizar ou inscribir, respectivamente, escrituras de declaración de obra nova finalizada que acredite o otorgamento da licenza urbanística, a expedición da certificación final de obra e o otorgamento da licenza de primeira ocupación. Para autorizar escrituras de declaración de obra nova en construción, as notarias e os notarios exixirán, para o seu testimonio, a aportación do acto de conformidade, aprobación o autorización administrativa que requiera a obra segundo a lexislación de ordenación territorial e urbanística, así como a certificación expedida polo técnico competente acreditativa de que a obra se axusta ao proxecto que foi obxecto de dito acto administrativo.

SEXTO.- A licenza de primeira ocupación como todas as licenzas urbanísticas, o seu otorgamento é estritamente reglado e constitúe a declaración que leva a cabo o Concello de que concorren todas as circunstancias citadas, dando lugar a que se poida ocupar e empezar a usar o edificio conforme ao destino previsto.

O alcance e efectos da actividade de control que se leva a cabo mediante a licenza de ocupación, foron aspectos resoltos pola xurisprudencia, conforme á cal «o contido de tal actividade de intervención (necesidade de motivación, congruencia cos medios e fins, proporcionalidade, etc.) vén descrita na norma contida no apartado d) do artigo 21 do Regulamento de Servizos (en sentido análogo, o disposto no artigo 41 do Regulamento de Xestión Urbanística), isto é, si o edificio (neste suposto vivenda unifamiliar) pode destinarse a determinados usos por estar situado en zona apropiada e reunir condicións técnicas de seguridade, salubridade (...).

En definitiva, ten por obxecto confrontar a obra realizada co proxecto que serve de soporte á licenza de obras no seu día outorgada, e tamén si cumpríronse as condicións lícitas, no seu caso establecidas en devandita licenza, xa que si existe adecuación, o Concello non pode denegar a licenza de primeira ocupación, dado que separadamente de atoparnos ante un suposto de actividade regulada, a licenza de primeira utilización é expresión técnica da necesaria comprobación de si o edificio ou instalación acomódase ás previsións contidas no proxecto e instrumentos complementarios que no seu día serviron de soporte ao acto base de concesión da licenza de obra ou edificación» (STS de 26 de xaneiro de 1987 e de 25 novembro de 1997, que recollen a doutrina do TS).

A licenza de primeira ocupación ten como finalidade a comprobación de que a obra executada se axusta ao proxecto que serviu de base para a concesión da licenza de obra, así como verificar as condicións de habitabilidade, salubridade e seguridade do edificio, e o cumprimento no seu caso dos deberes de urbanización simultáneos, ***sin entrar de novo a verificar o cumprimento da lexislación urbanística, xa que en ningún caso poderase basear a denegación da licenza de ocupación en que a previa licenza de obras non é axustada a dereito***, xa que esta deberá ser revisada, si a iso houber lugar, a través do procedemento legal establecido, e de ningún modo utilizando como instrumento a denegación da licenza de primeira ocupación xa que a mesma non ten carácter revisor, STS de 14 de decembro de 1998 e de 10 de marzo de 1999.

Como sinala a STS de 14 de decembro de 1998, a Xurisprudencia destacou a relación que existe entre a licenza de primeira ocupación e a licenza de obras, de tal modo que nin pode a Administración aproveitar aquela para a revisión desta, impondo condicións ou limitacións non esixidas ao concederse a licenza de obras, nin o administrado apartarse na execución da construción dos termos en que a licenza de obra foi concedida para defender, cando a licenza de primeira ocupación fose denegada por esa desviación, que a construción realizada tamén se adecuaba ó planeamento, posto que a xurisprudencia recoñece a posibilidade de que con ocasión da licenza de primeira utilización compróbase si





as obras efectuadas axústanse á licenza de obras concedida (STS de 8 de maio de 2002 e as que nela se citan).

Por iso é polo que se destaque o carácter en certo xeito independente de ambas licenzas, posto que en verdade refírense a cuestións e a momentos distintos. Como declarou a xurisprudencia, xa que logo, do mesmo xeito que as circunstancias urbanísticas que deberon ser obxecto de licenza de obras non poden revisarse ao examinar unha petición de licenza de primeira ocupación, tampouco cabo denegar esta cando pese a haberse erixido unha edificación sen licenza e en contra do planeamento, caducou o prazo concedido á Administración para o exercicio da súa potestade de restablecemento da legalidade urbanística e o uso pretendido atópase entre os autorizados na zona. Iso non implica, con todo, a legalización da obra executada, senón o mantemento do uso que de feito estivo levándose a cabo nela desde a súa construción.

SEXTO.- O Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

SÉTIMO.- O artigo 10 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica.

OITAVO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obrigatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

NOVENO.- O Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

DÉCIMO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao ser o órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos na data 29 de outubro de 2018 en relación á licenza de primeira ocupación facendo constar que o construído se axusta á licenza de edificación concedida, visto o informe técnico favorable emitido pola Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira na data 17 de abril de 2019 facendo constar que as obras de urbanización especificadas na licenza de obra executáronse correctamente, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 22/04/2019, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á Sra. M^a Teresa Saíñas Cadabal e ao Sr. Alberto Castro Gude **LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN** para vivenda unifamiliar de planta soto e planta baixa construída ao amparo da licenza nº 192/05, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 7 de abril de 2005, modificada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 3 de decembro de 2015, sita no lugar de Listres, Mouráns, Aguiño, Riveira, en parcela con ref^a catastral nº 15074A821002970000ZM, de acordo coas determinacións da **Certificación Final de Obra con dilixencia favorable do polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados polo Sr. Juan Antonio Millán Figueirido (arquitecto col. 3.183) e polo Sr. Andrés Fernández Fuentes (arquitecto técnico col. 1.641), Acta de Recepción de Edificio Terminado, Xustificante do Catastro de Alta no IBI Modelo 902-N, Certificado de idoneidade da adecuada execución da acometida ás redes emitido**





pola empresa sumistradora do servizo (UNIÓN FENOSA) na data 23 de outubro de 2018, Certificado emitido en relación a instalación eléctrica asinado polo Sr. José Ramón Gago Pérez na data 8 de marzo de 2018 así como Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA) asinado por Juan Antonio Samartín Iglesias Xefe de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 30 de maio de 2018.

SEGUNDO.- PROCEDER Á DEVOLUCIÓN DA FIANZA CON IMPORTE DE 1.378,08 € depositada o día 18 de maio de 2005, en relación á licenza de obra nº 192/05 xa que as obras de urbanización especificadas na licenza de obra executáronse correctamente.

TERCEIRO.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PARA VIVENDA UNIFAMILIAR - DAVID VILLAR SORIA.

LICENZA DE OBRA Nº 3/17: Concedida pola Xunta de Goberno Local ao Sr. Genaro Cadabal González (DNI 52.458.126-W) en sesión celebrada o día 9 de febreiro de 2017, concedido o cambio de titularidade pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 16 de maio de 2018 en favor do Sr. David Villar Soria (DNI 52.454.405-F).

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Construcción de vivenda unifamiliar de planta baixa.

IMPORTE DA FIANZA DEPOSITADA: 128,50 €.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural C.

REFª CATASTRAL: 15074A039011780000KY.

SITUACIÓN: Lugar de Estris Gándara, Artes, Riveira.

PROMOTOR/A: Inicialmente Sr. Genaro Cadabal González (DNI 52.458.126-W) actualmente o propietario é o Sr. David Villar Soria (DNI 52.454.405-F) segundo contrato de compraventa autorizada polo Notario Sr. Santiago Botas Ramos na data 10 de outubro de 2017.

AUTOR/A PROXECTO ORIXINAL / NOVA DOCUMENTACIÓN: Sr. Miguel A. Abad Blanco (col. nº 1.877) & Sr. Antonio Deus Álvarez (col. nº 1.875).





PROXECTO: Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 8 de xullo de 2016.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL INICIAL: 75.500,00 €.

NOVA DOCUMENTACIÓN: Modificado de Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 8 de febreiro de 2018.

OFICIOS: Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 8 de febreiro de 2018.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL MODIFICADO: 85.000,00 €.

DOCUMENTACIÓN FIN DE OBRA: Certificación Final de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 8 de febreiro de 2019 e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados polo Arquitecto Sr. Miguel A. Abad Blanco (col. nº 1.877) & Sr. Antonio Deus Álvarez (col. nº 1.875) e polo Arquitecto Técnico Domingo J. Vidal Álvarez / Acta de Recepción de Edificio Terminado / Xustificante do Catastro de Alta no IBI / Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de electricidade / Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de auga / Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA) asinado por Juan Antonio Samartín Iglesias Xefe de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 26 de marzo de 2019.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 5 de febreiro de 2015 acordou por unanimidade **CONCEDER** ao Sr. Genaro Cadabal González a **LICENZA DE AGRUPACIÓN E POSTERIOR SEGREGACIÓN DE PARCELAS Nº 3/15** solicitada nos termos do Estudio Técnico de Segregación e Agrupación de Parcelas de maio de 2015 redactado por Domingo J. Vidal Álvarez, resultando finalmente dos parcelas de modo que:

- **PARCELA A:** Propiedade de Genaro Cadabal González, segundo medición realizada e contemplada no Proxecto de 1.046,00 m² que linda: Norte mais da mesma propiedade; Sur camiño; Este mais da mesma propiedade; Oeste Francisco Rama Fernández.
- **PARCELA B:** Propiedade de Genaro Cadabal González, segundo medición realizada e contemplada no Proxecto de 874,50 m² que linda: Norte camiño; Sur mais da mesma propiedade e camiño; Este Domingo Pena Paz; Oeste Francisco Rama Fernández e mais da mesma propiedade.

SEGUNDO.- Posteriormente a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 21 de abril de 2016 emite información urbanística de carácter público de camiño segundo informe técnico emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos na data 8 de abril de 2016.

TERCEIRO.- Polo Sr. Genaro Cadabal González, solicitábase, en escrito rexistrado de entrada na data 13 de xullo de 2016, (Rexistro de entrada nº 9.249), licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa, sito no lugar de Estris Gándara, Artes, Riveira, en parcela resultante da licenza de agrupación e posterior segregación nº 3/15, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 5 de febreiro de 2015, achegándose Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 8. de xullo de 2016 redactado por Miguel A. Abad Blanco Abad & Antonio Deus Álvarez.





CUARTO.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 9 de febreiro de 2017 acordou por unanimidade **CONCEDER** ao Sr. Genaro Cadabal González **LICENZA DE OBRAS** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** no lugar de Estris Gándara, Artes, Riveira, en parcela resultante da licenza de agrupación e posterior segregación nº 3/15, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 5 de febreiro de 2015, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 8 de xullo de 2016 redactado polo Sr. Miguel A. Abad Blanco (Col. nº 1.877) & Sr. Antonio Deus Álvarez (Col. nº 1.875).

QUINTO.- Consta asinado contrato de cesión na data 15 de febreiro de 2017 polo Sr. Genaro Cadabal González polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Riveira a superficie de terreode 39,30 m² para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

SEXTO.- Posteriormente o Sr. Genaro Cadabal González, en escrito rexistrado de entrada na data 16 de febreiro de 2018, (Rexistro de entrada nº 2.080), solicita o cambio de titularidade da licenza de obra nº 3/17 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 9 de febreiro de 2017, así como licenza de modificación da mesma, achegando contrato de compraventa autorizada polo Notario Sr. Santiago Botas Ramos na data 10 de outubro de 2017, Modificado de Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 8 de febreiro de 2018 redactado polo Sr. Miguel A. Abad Blanco (Col. nº 1.877) & Sr. Antonio Deus Álvarez (Col. nº 1.875) así como Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 8 de febreiro de 2018.

SÉTIMO.- A Xunta de Goberno Local en sesión o día 16 de maio de 2018 acordou por unanimidade:

“
(...)

PRIMEIRO.- PRESTAR CONFORMIDADE a nova documentación aportada (contrato de compraventa autorizada polo Notario Sr. Santiago Botas Ramos na data 10 de outubro de 2017) en relación ao **CAMBIO DE TITULARIDADE DA LICENZA DE OBRA Nº 3/17** en favor do Sr. David Villar Soria respecto á vivenda unifamiliar sita no lugar de Estris Gándara, Artes, Riveira en parcela con ref^a catastral nº 15074A039011780000KY.

SEGUNDO.- CONCEDER ao Sr. David Villar Soria a **MODIFICACIÓN DA LICENZA DE OBRA Nº 3/17** solicitada nos termos do Modificado de Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 8 de febreiro de 2018 redactado polo Sr. Miguel A. Abad Blanco (Col. nº 1.877) & Sr. Antonio Deus Álvarez (Col. nº 1.875).

(...)
“

OITAVO.- Posteriormente polo Sr. David Villar Soria en escritos rexistrados de entrada nas datas 26 de febreiro, 29 de marzo e 2 de abril, (Rexistros de entrada nº 2.637, 4.440, 4.595), solicítase licenza de primeira ocupación para **VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** construída ó amparo da licenza nº 3/17, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 9 de febreiro de 2017 e modificada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 16 de maio de 2018, sita no lugar de Estris Gándara, Artes, Riveira en





parcela con refª catastral nº 15074A039011780000KY, achegándose **Certificación Final de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 8 de febreiro de 2019 e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados polo Arquitecto Sr. Miguel A. Abad Blanco (col. nº 1.877) & Sr. Antonio Deus Álvarez (col. nº 1.875) e polo Arquitecto Técnico Domingo J. Vidal Álvarez, **Acta de Recepción de Edificio Terminado, Xustificante do Catastro de Alta no IBI, Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de electricidade, Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de auga, Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA)** asinado por Juan Antonio Samartín Iglesias Xefe de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 26 de marzo de 2019.

NOVENO.- A Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira emite informe técnico favorable na data 29 de marzo de 2019 en relación a solicitude de devolución do aval xa que sinala que as obras de urbanización especificadas na licenza de obra executáronse correctamente, facendo constar que:

“

(...)

Se informa favorablemente la devolución del aval.

(...)

”

DÉCIMO.- No caso que nos ocupa o arquitecto técnico Municipal Jesús García Ramos tras xirar a pertinente visita de comprobación emite informe técnico favorable en relación a licenza de primeira ocupación o día 29 de marzo de 2019 facendo constar que a vivenda construída cumpre as condicións de habitabilidade, seguridade e salubridade, axustándose á licenza de edificación concedida anteriormente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL B**.

SEGUNDO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, onde se establece que as licenzas outorgáranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.





Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

TERCEIRO.- A licenza de primeira ocupación ten como obxecto principal comprobar si o realizado se axusta á licenza de edificación concedida anteriormente.

O artigo 143.4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, esixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

CUARTO.- Artigos 349 a 358 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro.

Así o artigo 355.3 do Regulamento establece que as solicitudes de licenza de primeira ocupación ou utilización que se refiran a edificacións amparadas en licenza de obras que requirisen proxecto técnico, deberán ir acompañadas dun certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o exixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente.

Xuntarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, se é o caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da axeitada execución das acometidas das redes de subministración.

De conformidade co artigo 357.3 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro, as resolucións sobre denegación de licenzas urbanísticas, deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do plan que se incumplan.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais nos termos previstos no artigo 358.2 deste regulamento.

QUINTO.- A licenza de primeira ocupación regúlase nos artigos 42, 43, 44 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia establecen o seguinte:

Artigo 42. A licenza de primeira ocupación

1. Unha vez concluídas as obras de construción dos edificios ou vivendas, o promotor solicitará a licenza de primeira ocupación no concello no que radique o inmovible, e acompañará a súa solicitude a certificación final de obra e demais documentación que, no seu caso, esixa o concello competente.

2. Sin perxuicio do que establezca a regulamentación urbanística, poderán otorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, cando a parte da obra obxecto da licenza cumpla os seguintes requisitos:

– Que teña consideración de obra completa e cumpla todas as esixencias e toda a normativa técnica aplicable.

– Que sexa susceptible de utilización independente.

– Que, no seu caso, a urbanización interior e exterior da parcela directamente vinculada á edificación para a que se solicita a licenza se encontre totalmente finalizada e se garantice o cumprimento das obrigas urbanísticas da parcela que serviu de base para a obtención da licenza de obra.

3. A Administración, previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, deberá resolver a solicitude e notificársela á persoa interesada no prazo máximo





de dous meses, a contar dende a data na que a solicitude tivo entrada no rexistro xeral do concello.

Artigo 43. Servicios

1. A licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión do abastecemento de auga potable, saneamento, electricidade, gas, telecomunicacións e outros servizos comunitarios.

2. A Administración municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordenar o corte do suministro contratado sin a existencia previa da licenza de primeira ocupación.

Artigo 44. Declaración de obra nova

As notarias e os notarios e as rexistradoras e os rexistradores da propiedade exixirán, para autorizar ou inscribir, respectivamente, escrituras de declaración de obra nova finalizada que acredite o otorgamento da licenza urbanística, a expedición da certificación final de obra e o otorgamento da licenza de primeira ocupación. Para autorizar escrituras de declaración de obra nova en construción, as notarias e os notarios exixirán, para o seu testimonio, a aportación do acto de conformidade, aprobación o autorización administrativa que requiera a obra segundo a lexislación de ordenación territorial e urbanística, así como a certificación expedida polo técnico competente acreditativa de que a obra se axusta ao proxecto que foi obxecto de dito acto administrativo.

SEXTO.- A licenza de primeira ocupación como todas as licenzas urbanísticas, o seu otorgamento é estritamente reglado e constitúe a declaración que leva a cabo o Concello de que concorren todas as circunstancias citadas, dando lugar a que se poida ocupar e empezar a usar o edificio conforme ao destino previsto.

O alcance e efectos da actividade de control que se leva a cabo mediante a licenza de ocupación, foron aspectos resoltos pola xurisprudencia, conforme á cal «o contido de tal actividade de intervención (necesidade de motivación, congruencia cos medios e fins, proporcionalidade, etc.) vén descrita na norma contida no apartado d) do artigo 21 do Regulamento de Servizos (en sentido análogo, o disposto no artigo 41 do Regulamento de Xestión Urbanística), isto é, si o edificio (neste suposto vivenda unifamiliar) pode destinarse a determinados usos por estar situado en zona apropiada e reunir condicións técnicas de seguridade, salubridade (...).

En definitiva, ten por obxecto confrontar a obra realizada co proxecto que serve de soporte á licenza de obras no seu día outorgada, e tamén si cumpríronse as condicións lícitas, no seu caso establecidas en devandita licenza, xa que si existe adecuación, o Concello non pode denegar a licenza de primeira ocupación, dado que separadamente de atoparnos ante un suposto de actividade regulada, a licenza de primeira utilización é expresión técnica da necesaria comprobación de si o edificio ou instalación acomódase ás previsións contidas no proxecto e instrumentos complementarios que no seu día serviron de soporte ao acto base de concesión da licenza de obra ou edificación» (STS de 26 de xaneiro de 1987 e de 25 novembro de 1997, que recollen a doutrina do TS).

A licenza de primeira ocupación ten como finalidade a comprobación de que a obra executada se axusta ao proxecto que serviu de base para a concesión da licenza de obra, así como verificar as condicións de habitabilidade, salubridade e seguridade do edificio, e o cumprimento no seu caso dos deberes de urbanización simultáneos, **sin entrar de novo a verificar o cumprimento da lexislación urbanística, xa que en ningún caso poderase basear a denegación da licenza de ocupación en que a previa licenza de obras non é axustada a dereito**, xa que esta deberá ser revisada, si a iso houber lugar, a través do procedemento legal establecido, e de ningún modo utilizando como instrumento a denegación da licenza de primeira ocupación xa que a mesma non ten carácter revisor, STS de 14 de decembro de 1998 e de 10 de marzo de 1999.





Como sinala a STS de 14 de decembro de 1998, a Xurisprudencia destacou a relación que existe entre a licenza de primeira ocupación e a licenza de obras, de tal modo que nin pode a Administración aproveitar aquela para a revisión desta, impoñendo condicións ou limitacións non esixidas ao concederse a licenza de obras, nin o administrado apartarse na execución da construción dos termos en que a licenza de obra foi concedida para defender, cando a licenza de primeira ocupación fose denegada por esa desviación, que a construción realizada tamén se adecuaba ó planeamento, posto que a xurisprudencia recoñece a posibilidade de que con ocasión da licenza de primeira utilización compróbase si as obras efectuadas axústanse á licenza de obras concedida (STS de 8 de maio de 2002 e as que nela se citan).

Por iso é polo que se destaque o carácter en certo xeito independente de ambas licenzas, posto que en verdade refírense a cuestións e a momentos distintos. Como declarou a xurisprudencia, xa que logo, do mesmo xeito que as circunstancias urbanísticas que deberon ser obxecto de licenza de obras non poden revisarse ao examinar unha petición de licenza de primeira ocupación, tampouco cabo denegar esta cando pese a haberse erixido unha edificación sen licenza e en contra do planeamento, caducou o prazo concedido á Administración para o exercicio da súa potestade de restablecemento da legalidade urbanística e o uso pretendido atópase entre os autorizados na zona. Iso non implica, con todo, a legalización da obra executada, senón o mantemento do uso que de feito estivo levándose a cabo nela desde a súa construción.

SEXTO.- O Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

SÉTIMO.- O artigo 10 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica.

OITAVO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

NOVENO.- O Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

DÉCIMO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao ser o órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico con sinatura dixital favorable emitido polo arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos o día 29 de marzo de 2019 en relación á licenza de primeira ocupación facendo constar que o construído se axusta á licenza de edificación concedida, visto o informe técnico favorable emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 29 de marzo de 2019 en relación á devolución do aval depositado facendo constar que as obras de urbanización especificadas na licenza de obra executáronse correctamente, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 16/04/2019, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. David Villar Soria **LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN** para **VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** construída ao amparo da licenza de obra nº 3/17, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 9 de febreiro de 2017 e modificada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 16 de maio de





2018, sita no lugar de Estris Gándara, Artes, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A039011780000KY, de acordo coas determinacións da **Certificación Final de Obra** visada polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 8 de febreiro de 2019 e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados polo Arquitecto Sr. Miguel A. Abad Blanco (col. nº 1.877) & Sr. Antonio Deus Álvarez (col. nº 1.875) e polo Arquitecto Técnico Domingo J. Vidal Álvarez, **Acta de Recepción de Edificio Terminado, Xustificante do Catastro de Alta no IBI, Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de electricidade, Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de auga, Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA)** asinado por Juan Antonio Samartín Iglesias Xefe de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 26 de marzo de 2019.

SEGUNDO.- PROCEDER Á DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA POR IMPORTE DE 128,50 €, xa que as obras de urbanización especificadas na licenza de obra executáronse correctamente.

TERCEIRO.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto a **proposta** da Alcaldía, Manuel Ruiz Rivas, de data 23/04/2019, na que solicita a celebración da actividade “Festa de San Xoán en Castiñeiras” o 21/06/2019, así como autorización para solicitar a ocupación de 150 m2 do Porto de Castiñeiras a Portos de Galicia.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a celebración da actividade “Festa de San Xoán en Castiñeiras” o 21/06/2019, así como autorizar que se proceda a solicitar a ocupación de 150 m2 do Porto de Castiñeiras a Portos de Galicia.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE COMPRAVENDA DE PARCELA DENOMINADA “CAMPOS DE CORRUBEDO”, SITA NA PARROQUIA DE CORRUBEDO, PROPIEDAD DE “INMOBILIARIA PROMESA S.L.”

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

1º O Pleno do Concello de Riveira, na súa sesión celebrada na data 24/09/2018 adoptou, por unanimidade, os seguintes acordos: “**Primeiro.-** Aceptala proposta presentada pola entidade INMOBILIARIA PROMESA no senso de que estaría disposta a aceptar a oferta do Concello de Riveira de adquirir a parte da parcela ocupada por esta entidade municipal nunha superficie de 20.130,92 m2 por 77.302,74 euros a razón de 3,84 m2, netos sen desconto por ningún concepto. **Segundo.-** Os gastos de segregación irán por conta da entidade Inmobiliaria A Promesa. **Terceiro.-** Os gastos da escritura de compravenda irán por conta do Concello de Riveira. **Cuarto.-** As costas do procedemento serán de oficio para cada unha das partes. **Quinto.-** Os impostos que teña que pagar o Concello de Riveira pola operación de compravenda serán aboadas pola súa conta, a parte do prezo pactado. **Sexto.-** A aprobación do presente acordo implica que a solicitude do arquivo do procedemento xudicial pendente terá lugar no momento da sinatura da escritura de compravenda. **Sétimo.-** Facultar ó Sr. Alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.”

2º Na data 07 de febreiro de 2019, o Alcalde dita Providencia na que dispón que se de traslado da mesma á Secretaría e Intervención Municipal, a fin de que, previos os trámites oportunos e informes pertinentes, se proceda á aprobación do expediente de compravenda dunha parcela a segregar da finca denominada “Campos de Corrubedo”, sita na parroquia de Corrubedo, propiedade da entidade “Inmobiliaria Promesa, S.L.”





3º Consta no expediente a seguinte documentación:

- Informe de valoración de parcelas emitido na data 24/09/2015 polo aparelador municipal, Jesús García Ramos, no que se valora en 3,841 euros o metro cadrado.
- Certificación e planos da finca realizada na data 21/09/2017 polo Enxeñeiro Técnico Agrícola, Roberto Giménez Hortas.
- Certificación do acordo adoptado polo Pleno en sesión celebrada na data 24/09/2018, en relación á adquisición da parcela "*Campos de Corrubedo*".
- Nota Simple Informativa da parcela denominada "*Campos de Corrubedo*", emitida na data 13/12/2018 polo Rexistro da Propiedade de Noia, e na que se fai constar a inexistencia de cargas.
- Consulta descritiva e gráfica dos datos catastrais do citado inmovible.
- Copia simple da escritura de propiedade da parcela, autorizada na data 30/12/1985, polo Notario de Madrid, D. Antonio Cuadra Veratón, co número 3.012 de protocolo.
- Certificación gráfica e descritiva en coordenadas UTM, con deslinde e replanteo de terreos de superficie 20.130,92 m2 en parcela catastral 487 polígono 81 de Riveira, realizada polo arquitecto técnico, Emilio J. Domínguez Rodríguez.
- Informe de idoneidade da parcela, emitido pola enxeñeira municipal na data 12/04/2019.
- Informe xurídico emitido na data 16/04/2019 polo técnico de administración xeral adscrito ao departamento de urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, en relación á viabilidade urbanística sobre a adquisición de parte da finca denominada "*Campos de Corrubedo*".

4º Na data 22/04/2019, o interventor municipal emite informe no que fai constar a existencia de crédito adecuado e suficiente no vixente orzamento municipal para a realización da compra pretendida, en concreto na aplicación orzamentaria 151.60002.

Así mesmo, fai constar que o 10% dos recursos ordinarios do orzamento vixente ascenden a 1.904.010,83 €.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- O artigo 9.1º do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (no sucesivo RB), recoñece ás entidades locais plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos.

Entre os modos polos que se poden adquirir bens e dereitos que enumera o artigo 10 RB, atopamos a adquisición a título oneroso que pode ter lugar por medio de contrato (compravenda, permuta...) ou a través de expropiación forzosa.





A adquisición por medio de contrato ven regulada no artigo 11 RB, que se remite á normativa de contratación das Corporación Locais, e esixe de xeito específico, cando se trate da adquisición a título oneroso de bens inmobles, as seguintes actuacións formais:

a) Informe pericial previo, en todo caso de adquisición de inmovible, no que non só debe valorarse o ben, senón tamén xustificar a razón da conveniencia da súa adquisición.

b) Informe do órgano autonómico competente, en caso de inmobles de valor histórico ou artístico, cuxo valor de adquisición exceda do 1 por cen dos recursos ordinarios do Orzamento da Corporación ou do límite xeral establecido para a contratación directa en materia de suministros.

É necesario tramitar o correspondente expediente de adquisición.

De conformidade coa Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, nas entidades locais corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais a competencia para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de 3 millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

Corresponde ao Pleno a competencia para celebrar contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisicións de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas ao Alcalde ou ao Presidente, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

O exercicio desta competencia é delegable por un ou outro órgano na Xunta de Goberno Local (artigos 21.3 e 22.4 LRBRL).

SEGUNDO.- No caso que nos ocupa, trátase da adquisición a título oneroso por medio dun contrato de compravenda, do inmovible que se describe a continuación:

Descrición: Parcela denominada “CAMPOS DE CORRUBEDO” sita no lugar de Corrubedo, dunha superficie de 20.130,92 metros cadrados, que presenta os seguintes lindeiros: NORTE, parcela catastral (15074A05100099), (15074A05100100) (15074A051001010000KQ), camiño público (15074A05100102), mais da parcela (15074A05100487), (15074A05101006), (15074A05100103); SUR; camiño público; ESTE, (15074A05100102), mais da parcela (15074A05100487) (15074A05101006), (15074A05100103), camiño público; e OESTE, (15074A05100098), (15074A05100099), (15074A05100100), (15074A05100082), a segregar da finca denominada “CAMPOS DE CORRUBEDO”, sita no lugar de Corrubedo, dunha superficie de 179.479 metros cadrados, que presenta os seguintes lindeiros: NORTE, camiño que a separa da chamada “Monte Facho”, propiedade de Manuela e José Barreras Puente e, en parte, tamén camiño que a separa da finca rexistral número 8.680; SUR, parcelas de Manuela e Ramona García García, Clementina Pérez Domínguez, José Díaz Romay, Emilia Brión Rodríguez e varios propietarios mais e estrada de Pobra do Caramiñal ao faro de Corrubedo; ESTE, a mesma estrada e, en parte, a mencionada finca “Monte Facho”; e OESTE, camiño que a separa da finca rexistral número 8.680, outro camiño e parcelas de Manuel Brión Hermo, Dolores Alboreda, herdeiros de José Vidal Rodríguez, Rosa Romay Domínguez, Benedicta Paz Domínguez, herdeiros de Tomasa Domínguez e mais de Rafaela Gasset Neyra e outros.





Titulares do inmoble: INMOBILIARIA PROMESA S.L. con N.I.F A28397784, 100% do pleno dominio.

Título: Aportación social, en virtude da escritura outorgada o día 30/12/1985 ante o Notario de Madrid, D. Antonio Cuadra Veratón, número 3012 do seu protocolo.

Inscripción: Está inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia, ao Folio 188 do Tomo 1128 do Arquivo, Libro 298 de Riveira, finca número 8.679.

Referencia catastral: 15074A051004870000KL.

Clasificación do solo: Solo rústico de protección ordinaria.

Cargas: Non consta a existencia de cargas.

Polo tanto, resulta determinado o obxecto do contrato así como a capacidade de obrar dos contratistas.

TERCEIRO.- De conformidade coa documentación obrante no expediente, en principio sería necesario que polo órgano municipal competente, se autorice unha previa segregación da parcela obxecto de compravenda. Sen embargo, en informe emitido na data 16/04/2019 polo técnico de administración xeral adscrito ao departamento de urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, infórmase favorablemente a innecesariedade da licenza de segregación para poder adquirir a parcela antes referida: ***“CONCLUSIÓN: Polo anteriormente exposto visto o artigo 150.6.b) da LSG e o artigo 368.6.b) do RLSG, infórmase favorablemente a innecesariedade da licenza de segregación de parte de finca matriz con refª catastral nº 15074A051004870000KL sita na Rúa Buenos Aires, Corrubedo, Riveira, cunha superficie de 20.130,92 m2 obxecto de adquisición polo Concello para instalación de infraestruturas e dotacións públicas deportivas.”***

CUARTO.- En relación ás actuacións formais necesarias para proceder á adquisición por medio de contrato, consta no expediente informe pericial emitido na data 24 de setembro de 2015 polo aparellador municipal, no que se valora en 3,841 euros o metro cadrado do solo que se pretende adquirir.

En informe emitido na data 22/04/2019, resulta acreditado polo Sr. Interventor a existencia de crédito suficiente e adecuado para a adquisición que se pretende.

Non se trata dun ben de valor histórico ou artístico, polo que non se precisa o informe do órgano estatal ou autonómico competente.

QUINTO.- En canto ao procedemento a seguir para a súa adquisición, o artigo 11 RB, ademais de esixir informe pericial previo cando se trata da adquisición de inmobles, esixe o cumprimento dos requisitos contemplados na normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais.

A estes efectos, a adquisición dun ben inmueble é un contrato que ten carácter privado da Administración e réxese pola lexislación patrimonial, como así resulta dos artigos 4 e 9 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. A referida lei prevé que teñen a consideración de negocios e relacións xurídicas excluídos do ámbito da mesma ***“Los contratos de compraventa, donación, permuta, arrendamiento y demás negocios jurídicos sobre bienes inmuebles, valores negociables y propiedades incorpóreas, a no ser que recaigan sobre programas de ordenador y deban ser calificados como contratos de suministro o servicios, que tendrán siempre el carácter de contratos privados y se regirán por***





la legislación patrimonial.” E a lexislación patrimonial aplicable ás Entidades Locais na Comunidade Autónoma de Galicia está constituída polos preceptos básicos da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, e do Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei 33/2003, os preceptos relativos ao Patrimonio da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (que no caso da adquisición de bens a título oneroso tamén se remite á normativa reguladora da contratación), e con carácter supletorio, os preceptos non básicos da Lei 33/2003 e do seu Regulamento e polo Real 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, o RB antes referido.

Así, e con relación ao procedemento, soamente procede a adquisición directa nos supostos seguintes: polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da adquisición resultante de acontecementos imprevisibles ou a especial idoneidade do ben (artigo 116.4 da Lei 33/2003).

Igualmente, poderá acordarse a adquisición directa nos seguintes supostos:

- a) Cando o vendedor sexa outra Administración pública ou, en xeral, calquera persoa xurídica de dereito público ou privado pertencente ao sector público.
- b) Cando fora declarado deserto o concurso promovido para a adquisición.
- c) Cando se adquira a un copropietario unha cuota do ben, en caso de condominio.
- d) Cando a adquisición se realice en virtude dun dereito de adquisición preferente.

No presente caso, no informe emitido na data 12/04/2019 pola enxeñeira municipal se xustifica a conveniencia da súa adquisición e a especial idoneidade do ben que se pretende adquirir: *“No Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Riveira, recóllese como ben de titularidade municipal a finca denominada “Campos de Corrubedo”, sita na parroquia de Corrubedo, parcela 487 do Polígono 81 do Catastro, coa referencia catastral 15074A051004870000KL, pois a este Concello sempre lle constaron indicios de que o referido terreo tiña natureza pública, ostentado o Concello de Riveira o dereito de propiedade sobre a citada finca, ata o punto de que en parte da mesma realizouse unha construción deportiva, consistente nunha pista polideportiva, nun campo de fútbol e nun vestiario. Resulta, sen embargo, que a mencionada finca está inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia ao Tomo 1128, Libro 298, Folio 188, Finca número 8679, a nome da entidade “Inmobiliaria Promesa, S.L.”, que é titular do 100% do pleno dominio en virtude da escritura outorgada o día 30/12/1.985 ante o Notario Antonio Cuadra Veratón, número 3012 de protocolo. Con tal motivo, a entidade “Inmobiliaria Promesa, S.L.”, interpuxo un procedemento xudicial contra o Concello de Riveira, en demanda dos seus dereitos, estando, nestes intres, pendente de resolución o recurso de apelación contencioso-administrativo. Así se indica na Providencia da Alcaldía de 07 de febreiro de 2019, por la que se inicia expediente administrativo para adquirir a parte da parcela ocupada polas instalación deportivas nunha superficie de 20.130,92 m2, a segregar da finca matriz antes referida coa referencia catastral 15074A051004870000KL. A conveniencia da adquisición desta parcela é mais que evidente, xa que é na mesma onde o Concello procedeu á execución dunha instalación deportiva para os veciños da zona, que sería importante conservar, e non noutra parcela. Simplemente isto, é o que fai que esta parcela sexa especialmente idónea ao obxecto da súa adquisición polo Concello, o que imposibilita a adquisición doutra finca e xustifica plenamente a imposibilidade de promover a concorrencia de ofertas.”* ; o que xustifica plenamente o emprego da adquisición directa.

QUINTO.- O valor do ben que se pretende adquirir non supera o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento da Corporación nin o importe de tres millóns, segundo





resulta do informe emitido polo Interventor, polo que o órgano competente para acorda-la adquisición é a Xunta de Goberno Local, ao ter delegada esta competencia, en virtude do Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 23/04/2019, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

PRIMEIRO.- Declarar a innecesiedade da licenza de segregación para adquirir por compravenda a parcela sita no lugar de Corrubedo, parroquia de Corrubedo, do municipio de Riveira, resultando finalmente do seguinte modo:

- *FINCA denominada “CAMPOS DE CORRUBEDO”, sita no lugar de Corrubedo, dunha superficie de 179.479 metros cadrados, que presenta os seguintes lindeiros: NORTE, camiño que a separa da chamada “Monte Facho”, propiedade de Manuela e José Barreras Puente e, en parte, tamén camiño que a separa da finca rexistral número 8.680; SUR, parcelas de Manuela e Ramona García García, Clementina Pérez Domínguez, José Díaz Romay, Emilia Brión Rodríguez e varios propietarios mais e estrada de Pobra do Caramiñal ao faro de Corrubedo; ESTE, a mesma estrada e, en parte, a mencionada finca “Monte Facho”; e OESTE, camiño que a separa da finca rexistral número 8.680, outro camiño e parcelas de Manuel Brión Hermo, Dolores Alboreda, herdeiros de José Vidal Rodríguez, Rosa Romay Domínguez, Benedicta Paz Domínguez, herdeiros de Tomasa Domínguez y mais de Rafaela Gasset Neyra e outros. Referencia catastral: 15074A051004870000KL.*
- **PARCELA OBXECTO DE ADQUISIÓN POR COMPRAVENDA:** *Parcela denominada “CAMPOS DE CORRUBEDO” sita no lugar de Corrubedo, dunha superficie de 20.130,92 metros cadrados, que presenta os seguintes lindeiros: NORTE, parcela catastral (15074A05100099), (15074A05100100) (15074A051001010000KQ), camiño público (15074A05100102), mais da parcela (15074A05100487), (15074A05101006), (15074A05100103); SUR; camiño público; ESTE, (15074A05100102), mais da parcela (15074A05100487) (15074A05101006), (15074A05100103), camiño público; e OESTE, (15074A05100098), (15074A05100099), (15074A05100100), (15074A05100082), a segregar da finca descrita anteriormente.*

SEGUNDO.- Adquirir o inmovible referido a continuación, propiedade da entidade INMOBILIARIA PROMESA S.L. con N.I.F A28397784, polo prezo total de 77.302,74 €, a razón de 3,84 €/m2, netos sen desconto por ningún concepto, que se fará efectivo mediante o correspondente cheque nominativo coa sinatura da escritura pública de compravenda:

“Parcela denominada “CAMPOS DE CORRUBEDO” sita no lugar de Corrubedo, dunha superficie de 20.130,92 metros cadrados, que presenta os seguintes lindeiros: NORTE, parcela catastral (15074A05100099), (15074A05100100) (15074A051001010000KQ),





camiño público (15074A05100102), mais da parcela (15074A05100487), (15074A05101006), (15074A05100103); SUR; camiño público; ESTE, (15074A05100102), mais da parcela (15074A05100487) (15074A05101006), (15074A05100103), camiño público; e OESTE, (15074A05100098), (15074A05100099), (15074A05100100), (15074A05100082), a segregar da finca coa referencia catastral 15074A051004870000KL”.

TERCEIRO.- As partes vendedoras quedan obrigadas á evicción e saneamento nos termos previstos no Código Civil para o contrato de compravenda.

CUARTO.- Incluír o inmovible adquirido no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo, unha vez perfeccionada a súa adquisición.

QUINTO.- Facultar ao Sr. Alcalde para que subscriba todos os documentos que se deriven do expediente, entre eles a sinatura da escritura pública de adquisición do ben inmovible.

SEXTO.- De conformidade co acordo adoptado polo Pleno da Corporación na súa sesión celebrada na data 24/09/2018, os gastos de segregación irán por conta da entidade vendedora; os gastos da escritura de compravenda irán por conta do Concello de Riveira; as costas do procedemento serán de oficio para cada unha das partes; e os impostos que teña que pagar o Concello de Riveira pola operación de compravenda serán abonados pola súa conta, a parte do prezo pactado.

SÉTIMO.- No momento da sinatura da escritura pública de adquisición do ben inmovible, a parte vendedora procederá á solicitude do arquivo do procedemento xudicial pendente.

OITAVO.- Remitir a documentación necesaria ao Rexistro da Propiedade para que efectúen os oportunos asentos rexistrais, segundo a lexislación hipotecaria.

NOVENO.- Notificar o presente acordo aos interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, significándolles que deberán comparecer no momento en que sexan emprazados para proceder a elevar a escritura pública a adquisición referida.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e vinte minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle

